

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

| Código   | Centro          | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 15026704 | IES David Buján | Cambre   | 2022/2023     |

### Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito              | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|--|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación plástica, visual e audiovisual | 3º ESO | 2                | 70             |

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 13            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 15            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 15            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 18            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 18            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 19            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 20            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 22            |
| 9. Outros apartados   | 22            |

## 1. Introducción

O curso de 3º de Educación Plástica na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria contribúe a que o alumnado saiba recoñecer, no seu medio, as manifestacións visuais e plásticas, tanto as que proporciona a natureza, como as que proveñen da actividade e creación humanas.

O alumnado, nesta etapa de crecemento, vai adquirir as estruturas fundamentais que lle posibilitan a transformación do seu pensamento nun período que xa podemos cualificar de case adulto. É a etapa, que Piaget define, das operacións formais. Neste ámbito, o alumnado poderá ofrecer una valoración crítica sobre a potente eclosión de imaxes que forman parte da súa realidade. O seu estudo favorece a súa capacidade para emitir xuízos de valor á calidade deste tipo de representacións.

Dentro da execución práctica da materia, proporcionánselle os mecanismos para o estudo do espazo arquitectónico, do deseño de obxectos funcionais, do deseño gráfico tanto no ámbito editorial, coma no informático, así como unha aproximación ás imaxes que proceden da fotografía, do cine, da publicidade,... tampouco cabe esquecer os instrumentos que posibilitan o debuxo, a pintura, a escultura ou o gravado. Contribuír ao ensino da sensibilidade estética, e o seu entendemento conceptual, e unha tarefa importante neste ano académico. Cómpre posibilitar o dominio de técnicas e procedementos que capaciten ao alumnado a expresarse coa calidade gráfica que corresponda.

Neste 2º ciclo cobran especial importancia aquelas experiencias de natureza visual e táctil. É de especial interese, o mundo que compoñen os obxectos da arquitectura, o deseño gráfico e industrial e as múltiples imaxes visuais transmitidas polos distintos medios (o cine, o vídeo, a fotografía,...). Este múltiple universo cotián de formas e imaxes, tan envolvente, representa unha poderosa motivación para o alumnado e, a partir del, é posible e conveniente desenvolver o ensino. Incluímos así aqueles aspectos que contribúen ao desenvolvemento das habilidades prácticas, as actitudes e valores que lles podemos dar.

A unidade e o sentido desta etapa da ESO correspóndese co momento evolutivo do alumnado entre os catorce e dezaseis anos. Son anos que coinciden coa adolescencia, e nos que experimentan importantes cambios fisiolóxicos e psicolóxicos, xa iniciados na etapa previa.

Por iso aportaranse os elementos educativos de orde: cognitivo, afectivo, social e moral, que lles permita desenvolverse de xeito equilibrado e incorporarse á sociedade con autonomía e responsabilidade. Os intereses, motivacións e aptitudes diferéncianse progresivamente ao longo dos dous cursos, 3º e 4º se se escolle porque nesta etapa interveñen aspectos propedéuticos e orientadores.

É un criterio importante para a educación do alumnado, o considerar a súa natureza evolutiva, que aconsella graduar os contidos adaptándoos ó nivel de comprensión do alumnado en cada ciclo, establecendo unha distancia óptima entre o que son capaces de facer nun momento dado e os novos contidos e capacidades que se lles intenta ensinar.

O alumnado, nesta etapa de crecemento, vai adquirir as claves ou estruturas fundamentais que lle posibilitan a transformación do seu pensamento nun período que xa podemos cualificar de case de adulto. É a etapa que Piaget nomea das operacións formais. Adquire experiencia, a súa elaboración da realidade fase máis precisa e extensa. Comproba as hipóteses na súa mente e descarta as impropias, sen necesidade de manipular os materiais.

O cadro de traballo da área de Educación Plástica e Visual na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria atende especificamente ás seguintes finalidades:

- Contribuír a que o alumnado saiba recoñecer no seu medio as manifestacións visuais e plásticas, tanto as que proporciona a natureza como as que proveñen da actividade e creación humanas.

- Favorecer o desenvolvemento das capacidades de comprensión, análise, crítica e categoría das imaxes percibidas.

- O alumnado oriéntase a un estudio dos feitos plásticos de calquera natureza: arquitectura, escultura, pintura, deseño industrial,... e das imaxes visuais transmitidas polos distintos medios: prensa, fotografía, cine, televisión,...

- Contribuír ao ensino da sensibilidade artística que capacite para o gusto artístico e non soamente para o entendemento conceptual.

- Posibilitar o dominio de técnicas e procedementos que capaciten ao alumnado a expresarse coa calidade estética que corresponda.

O alumnado poderá, polo tanto, manifestar a súa creatividade coa liberdade que lle aporta o dominio dos conceptos e coñecemento das diferentes técnicas e a funcionalidade das mesmas para expresarse, tanto nas representacións de elementos de carácter funcional e técnico, como naquelas de natureza estética. A creatividade do deseño en xeral, tanto gráfico, de obxectos, como a artística, cada vez son máis demandados e valorados na práctica industrial ou en calquera forma de emprendemento de futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación. | 1   | 3  |      |     | 3     | 1-2 |    | 1    |
| OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.                                 | 1   |    |      |     | 1-3   | 1-3 |    | 1-3  |
| OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.  | 1-2 |    |      | 1   | 4     | 1-3 |    | 2    |
| OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.  | 2   | 3  |      | 1-2 | 3     | 3   |    | 2    |
| OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.  | 2   |    |      |     | 1-3-4 | 3   |    | 3-4  |
| OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.   | 2   |    |      | 1   | 3     | 1   |    | 3    |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico. | 2-3 |    | 3    | 1-5 |       | 1-3 |    | 4    |
| OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.   | 1   |    | 2-3  | 3   | 3-5   |     | 3  | 4    |

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título  | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Expresión plástica/Actitude e valoracións                           | . Signos visuais.<br>. A expresividade da cor.<br>. A arte de compor.  | 33             | 23         | X        |          |          |
| 2  | Comunicación visual/Actitude e valoracións                          | . A imaxe visual<br>. O mundo do cómic<br>. A linguaxe audiovisual   | 34             | 24         |          | X        |          |
| 3  | A xeometría como soporte do proceso creativo/Actitude e valoracións | . Elementos xeométricos.<br>. Formas poligonais.<br>. Tanxencias e módulos.<br>. Proxeccións e perspectivas. | 33             | 23         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                              | Duración |
|----|---|----------|
| 1  | Expresión plástica/Actitude e valoracións | 23       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero. | - Utilización dos instrumentos de trazado.<br>- Utilización de distintas técnicas para reproducir os signos gráfico-plásticos e aplicarlos nas súas representacións.<br>- Correcta utilización dos materiais a partir de exercicios prácticos. | PE | 80 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Poder comunicativo da cor, do feito artístico e realizacións plásticas do contorno e da realización persoal, respectando os distintos modos de expresión.</li> <li>- Reproducir os fundamentos da cor:</li> <li>- A cor pigmento (cores fundamentais, complementarias e cores cálidas e frías).</li> </ul> |    |    |
| CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ton, valor e saturación.</li> <li>- Elaborar as escalas da cor (polícromas e acromáticas).</li> <li>- Identificar a subxectividade da cor coas propias composicións.</li> <li>- Enlazar segmentos e arcos.</li> <li>- Tanxencias entre rectas e circunferencias.</li> </ul>                                |    |    |
| CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza estes elementos xeométricos no deseño.</li> <li>- Representar as tres dimensións espaciais en perspectiva nas dúas perspectivas cónicas habituais: frontal e oblicua.</li> </ul>   |    |    |
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectar sólidos sinxelos.</li> <li>- Construír corpos a partir das vistas diédricas.</li> </ul>  |    |    |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Definir as liñas estruturais dunha composición cun esquema.</li> <li>- Saber indicar un exemplo de composición rítmica baseada en módulos.</li> </ul>  |    |    |
| CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Trazar perpendiculares e paralelas.</li> <li>- Operacións con segmentos e ángulos.</li> <li>- Trazar os polígonos regulares máis habituais.</li> <li>- Utilizar os elementos da xeometría como recurso de expresividade nas composicións persoais.</li> </ul>  | TI | 20 |
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Trazar enlaces a partir de tanxencias.</li> <li>- Trazado de espirais.</li> <li>- Elaborar un signo gráfico.</li> </ul>  |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.  | - Representar a altura, anchura e profundidade de sólidos nestas dúas modalidades de perspectiva cónica.<br>Construír os corpos en perspectiva cónica a partir das tres proxeccións diédricas principais. |           |          |
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural. | - Representación de deseños nos que interveñen os casos de simetría tratados.<br>- Deseño dunha simetría radial baseada na división gráfica da circunferencia.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.</li> <li>- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.</li> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.</li> <li>- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                        | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 2         | Comunicación visual/Actitude e valoracións | 24              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | . Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.<br>.Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva | PE        | 80       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| <p>CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.</p>                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.</li> <li>. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.</li> </ul>  |    |    |
| <p>CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> </ul> <p>Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.</p>  |    |    |
| <p>CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.</li> <li>. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> </ul> |    |    |
| <p>CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> </ul>   |    |    |
| <p>CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas. valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> <li>. Crea texturas visuais e táctiles para obter composicións e figuras tridimensionais.</li> </ul>      |    |    |
| <p>CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</li> </ul>   | TI | 20 |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.  | . Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.<br>¿Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións. |    |   |
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | . Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.<br>. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.      |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.</li> <li>- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.</li> <li>- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.</li> <li>- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---|----------|
| 3  | A xeometría como soporte do proceso creativo/Actitude e valoracións | 23       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Coñecer lugares xeométricos e definilos</li> <li>. Explica por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos.</li> <li>. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul> | PE | 80 |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.</li> <li>. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior</li> </ul>   |    |    |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides</li> <li>. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.</li> </ul>  |    |    |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> <li>. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros</li> </ul>   |    |    |
| CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.</li> <li>. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</li> </ul>   |    |    |
| CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</li> </ul>  |    |    |
| CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.             | <ul style="list-style-type: none"> <li>. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.</li> <li>. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</li> </ul>                   |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | . Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos   |    |    |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.  | . Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.<br>. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.<br>. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas. |    |    |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.                           | . Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.   | TI | 20 |
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.     | . Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.</li> <li>- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.</li> <li>- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.</li> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> <li>- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.</li> <li>- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O ensino desta materia é un proceso construtivo no que a actitude do alumnado permite a aprendizaxe significativa.

O alumnado convértese no motor do seu propio proceso de aprendizaxe, modificando os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el/ela, o profesorado exerce o papel de guía ao por en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumnado cos novos coñecementos.

A concepción construtivista do ensino permite ademais garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que o alumnado poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr as novas aprendizaxes.

Como sinala o Currículo Oficial da Área, o principal obxectivo do ensino da Educación Visual é que o alumnado acade a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saber expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Para cubrir este obxectivo fundamental, optamos por articular os contidos atendendo os seguintes criterios:

- Criterio da dificultade.

Organizando os contidos de modo que se comece polos de carácter máis concreto, por ter carácter básico, preparándose así para entender os máis abstractos, e que esixen unha maior capacidade de comprensión espacial.

- Criterio do interese.

Debe conectar cos intereses e necesidades do alumnado, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e utilidade das aprendizaxes.

- Criterio da organización cíclica.

Os temas máis complexos estudaranse ao longo dos distintos cursos seguindo unha gradación no nivel de dificultade: no curso máis baixos, en 1º, defínese a iniciación nos mesmos e nos últimos cursos desta etapa (3º e 4º) achegarase ao alumnado a unha especialización neles.

- Criterio da operatividade.

Queda proxectado en torno á clásica formulación de "saber mirar", "saber interpretar" e "saber facer" seguindo estes pasos:

Saber mirar:

- Pon ao alumnado en contacto coas obras xa realizadas para que observen as peculiaridades que as integran nun determinado campo da expresión plástica.
- Preséntase a teoría correspondente a cada un dos campos da expresión visual e plástica e formalízase esa teoría en conceptos de validez permanente.
- Aplicanse os coñecementos adquiridos na observación de novas obras que teñen carácter de exemplo.

Saber interpretar:

- Levar ao alumnado a recoñecer os caracteres que fan unha obra de claridade estética ou rigor e exactitude no seu trazado.
- Conduce a coñecer o diferente valor expresivo daqueles elementos segundo fosen utilizados.
- Pon en disposición de valorar unha obra pola análise de cada un dos seus elementos e pola consideración do conxunto.

Saber facer:

- a. Proporciona as técnicas axeitadas para cada forma da linguaxe plástica.
- b. Axuda á selección das técnicas que mellor se acomodan a cada necesidade de expresión, fomentando a investigación e a creatividade.
- c. Conduce ao uso das técnicas con rigor, exactitude e precisión esixibles en cada momento da aprendizaxe.

Advírtese que a pesar do que se establece cun determinado nivel de concreción e especificación, a Programación pretende reaxustarse ao alumnado con necesidades especiais, con dificultades de base e que faga que o profesorado flexibilice a súa temporalidade e os recursos didácticos dos seus contidos.

O feito de que o alumnado presenta diferenzas individuais en canto as capacidades, interese e motivacións é algo non so admitido a priori, senón que, ten que ser calibrado na súa magnitude exacta polo que se refire ao grupo concreto de alumnado co que imos traballar na etapa.

Ademais, a atención a diversidade do alumnado reviste especial importancia na Educación Visual, debido a complexidade dalgún contidos do Programa, e debe estar presente sempre na actividade docente para lograr os mellores resultados.

Se teñen en conta aqueles contidos nos que o alumnado mostra un nivel menos homoxéneo. Tal é o caso da comprensión espacial ou nun nivel de execución moi especializado.

Na Programación ten que recoñecerse tamén que no todo o alumnado acada ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todo alumnado ao final da etapa, dando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento. Este é o obxectivo que suxire, por exemplo, retomar constantemente os contidos fundamentais da materia. Todo isto leva á programación cíclica que da a oportunidade de volver a retomar os conceptos básicos para garantir en todo o momento a súa comprensión por parte do alumnado.

Por outro lado, a presenza dos tres bloques de contidos referidos no 1º da ESO permite que cada alumno/a poda afondar naquel campo no que ten maiores aptitudes ou reforzar os aspectos que non domina no nivel esixido.

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que vanse explicar na aula. Estas estratexias afectan fundamentalmente ao ensino dos conceptos e ós diferentes niveis de dificultade na proposta das actividades:

- En canto ao ensino dos contidos, realízase a partir das imaxes concretas e a través das experiencias sinxelas que se poden ter na aula. Permite, polo tanto, respectar as diferenzas individuais por medio da elección do proceso didáctico que mellor se acomode a cada alumno/a.
- En canto ás formas de expresión, realizadas a través das propostas das actividades, ábrese toda unha gama de posibilidades onde se estimula especialmente a imaxinación, a creatividade e o gozo estético. Deste xeito procúrase que cada alumno/a utilice as canles expresivas que lle resulten máis naturais.
- En xeral, pódese dicir, que as formas didácticas teñen en conta o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e as súas necesidades de comunicación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Observar, comprender, expresar. Nivel II. 3º de ESO. Editoria l S ando val Ediccion es . |
| Materiais gráficos   |
| Materiais audiovisuais   |

## O ESPAZO.

Contamos cunha Aula de Debuxo dotada de mesas grandes para Debuxo técnico e caballetes para Debuxo artístico en número suficiente para tódolos alumnos.

Temos dúas pilas para traballar as técnicas húmidas e espazos de almacenaxe nos armarios.

Contamos ademais cun ordenador para o profesorado e un proxector e unha pequena Biblioteca de aula, formada por libros dos fondos da Biblioteca do Centro e libros propiedade da profesora.

Hai varias paredes con corcho para expoñer os traballos dos alumnos, e unha variada colección de modelos de escaiola, con peanas adecuadas e mesmo colgados polas paredes. Temos outro tipo de modelos tamén como recipientes, botellas e pezas de vaixelas.

## OUTROS RECURSOS

- Varios exemplares de escadra, cartabón, regra e compás. Aínda que o alumnado de Debuxo técnico ten que traer regulamente o seu materia para a sesión lectiva. Tamén regras de Debuxo adaptadas ao encerado.

- Materiais: pigmentos y marcadores.

¿ Lapis de grafito ¿ Barras de grafito ¿ Po de grafito ¿ Carboncillos ¿ Barra ou lapis composto ¿ Barras sanguina ¿ Barras pastel ¿ Lapis de cores ¿ Rotuladores de fibra ¿ Rotuladores de feltro ¿ Rotuladores pincel de auga ¿ Estilógrafos

- Soportes:

¿ Papel tipo kraft ¿ Papel debuxo. Caderno de Aula tamaño DIN A3 ¿ Cartolina ¿ Cartón gris encadernación ¿ Cartón ondulado ou corrugado ¿ Papel especial técnicas húmidas: acuarela, e témperas ou óleo. ¿ Cartolina especial

Outros instrumentos básicos ¿ Gomas de borrar, cúter, bisturí, rascador, difuminos, vasos, pinceis, rodetes.

Outros materiais ¿ Cartolinas de cor, tramas adhesivas, papel celofán de cor.

Procedimentos ¿ Tintas. ¿ Témperas. ¿ Gouaches. ¿ Técnicas mixtas.

## Bibliografía

Se aportará un listado dos libros da Biblioteca do Centro a disposición do alumnado, con indicación expresa aos contidos das unidades temáticas desta asignatura.

En Debuxo artístico o alumnado aportará material gráfico propio e un Caderno de Aula tamaño A3, con número de follas suficiente para tódolos traballos do curso mesmo os erróneos e os desbotados (80 follas aproximadamente). A profesora aportará fichas, material de reforzo, material gráfico e proxeccións (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.

Recursos dixitais segundo se proceda.

¿

Difundirase material de reforzo en función dos contidos da Programación co uso de fotocopias, se fose necesario.

Neste apartado presentarase unha serie de materiais básicos que axuden o desenvolvemento dos contidos da área, excluíndo aqueles de uso corrente que non aportan ningunha novidade e xa coñécense e utilízanse normalmente.

Os materiais, como xa viñemos comentando no caso de 1º da ESO, estrutúranse en función de dúas grandes liñas: Materiais para aprender a mirar e materiais para aprender a expresarse.

Materiais para aprender a mirar: Son materiais destinados ao desenvolvemento das actividades da observación, a través da percepción e a análise de aspectos plásticos e visuais da realidade.

- Obxectos de uso cotián: É convida ofrecer ao alumnado a observación directa das formas que compoñen o noso mundo da vida diaria e nas distintas épocas,... co fin de analizar as súas calidades formais, funcionais e estéticas.

- Formas xeométricas e pezas industriais.

- Imaxes da publicidade, da televisión, do deseño gráfico e industrial, da historia da arte, do cómic, do vídeo e do cine.

Materiais para aprender a expresarse: Tódalas modalidades do trazado (liña e mancha) tanto no caso da cor como de branco e negro. Principalmente farán uso de materiais que dispoñan na casa e se requiren adquirir os novos que sexa baixo o asesoramento do/a profesor/a: grafitos, as cores pigmentas, tintas, ceras, témperas, rotuladores, pinturas de madeira, imaxes fotográficas de revistas que eles dispoñan na súa casa para que sexan tratadas por eles/as, etc.

Os materiais habituais de debuxo técnico: escuadro, cartabón, regra de 30 cm., rotuladores de punta fina negra e doutros grosos, compás, adaptador, plantiñas, grafitos de debuxo técnico (brando 2B e duro 2H),...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para o curso de 1º, 3º e 4ºda ESO vanse definir unha proba base para valorar o nivel de destrezas no que se atopa o alumnado na materia ao seu comezo.

No caso de 3º da ESO, este curso 2022-23, faremos coma anos anteriores, unha proba de coñecementos básicos de 1º da ESO (xa que non contemos coa nosa materia en 2º) sobre contidos xeométricos fundamentais para coñecer o desenvolvemento das destrezas do noso alumnado e identificar posibles dificultades e emprender tarefas de recordo de 1º da ESO. Dita proba terá lugar a última semana de setembro para que sexa considerada na Avaliación inicial do mes de outubro.

Nesta proba incluíranse preguntas e prácticas sobre fundamentos da linguaxe xeométrica coa finalidade de coñecer o dominio que poda ter sobre os dous ámbitos fundamentais de representación: a xeometría plana e o desenvolvemento e representación no espazo.

Das respostas obtidas valorarase o nivel de representación a nivel individual y dentro do colectivo da aula e serán referencia necesaria para o estudo da mellora e en función das súas capacidades en adiante. Recordemos os criterios da avaliación que establece a necesidade de aproveitamento, mellora e superación dos resultados obtidos nesta avaliación inicial. A partir dela, desenvolveremos os aspectos de maior carencia para conseguir equilibrar nuns mínimos o nivel dende o que se vai traballar en adiante.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>33</b> | <b>34</b> | <b>33</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 80        | 80        | 80        | <b>80</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 20        | 20        | 20        | <b>20</b>  |

### Criterios de cualificación:

#### FUNDAMENTOS:

A 1ª Avaliación realizarase a finais de novembro (29 e 30) , a 2ª Avaliación a mediados de marzo (14, 15 e 16) e, a partir do 22 de xuño terá lugar a 3ª e a Avaliación final, antes desta última data terase que ter entregadas todas as tarefas de recuperación que se establezan. Abrirase a posibilidade de recuperación das láminas pendentes tanto antes como despois destas datas, facilitándose que se teñan en conta no momento destas convocatorias. De non ser así comunicaranse con posterioridade ás mesmas.

O procedemento de avaliación da aprendizaxe basearase na observación sistemática do traballo desenvolvido e das contestacións do alumnado durante a sesión lectiva, o seu control coas correspondentes notas diarias de clase para o seu seguimento tanto nos aspectos de contidos, procedementos ou actitudes que o alumnado manifieste durante as sucesivas sesións lectivas e a recollida das actividades realizadas a través da presentación das láminas das correspondentes unidades didácticas.

É imprescindible a presenza todos os días do material necesario: as láminas de traballo e o necesario para resolvelas. O material ten que permanecer no armario da aula e, en ocasións excepcionais, poderán levalas a casa a rematar. A



situación ideal é que o alumnado sexa capaz de facer os traballos nas sesións lectivas, é dicir, que o aproveitamento da clase faga que non precise levar o traballo á casa, pero non sempre é posible.

Se non se trae o material, sen razóns xustificadas para o normal curso da clase contemplárase como nota negativa no caderno de control e seguimento diario das clases.

Cada lámina realizada polo alumnado ten carácter de exame por tratarse dunha materia na que os contidos se han de acreditar de forma procedimental e instrumental como parte esencial para satisfacer os nosos obxectivos. O/a profesor/a pode acompañar a súa avaliación de preguntas orais como complemento para verificar a consecución dos obxectivos indicados.

Ante a mínima sospeita de copia do traballo ou quede cuestionada a súa autoría, o/a alumno/a terá que repetir un exercicio semellante e individual nunha sesión de clase. O exercicio quedará inmediatamente anulado ou o equivalente a nota de 0, tendo que repetilo de novo.

Recórdase a obriga de asistir ás actividades de balde que organice o Departamento como complemento da Programación. A non presenza a calquera delas deberá xustificarse debidamente. Se non se xustifica o alumnado terá que facer entrega dun traballo baseado no contido da actividade que será avaliable na unidade didáctica correspondente.

Por outra parte, pódense realizar tamén probas de parte dos contidos, dependendo do grado de asimilación da clase, daqueles considerados básicos e fundamentais, pero sempre dirixidos a súa aplicación ou uso práctico. Nos casos nos que o/a profesor/a o estime necesario, realizará proba individualizada ou avaliará de maneira adaptada, por tratarse de alumnado con necesidades especiais.

A avaliación, entendida como parte integrante do proceso de instrución-formación do alumnado, orienta de forma permanente a súa aprendizaxe, polo que contribúe en si mesma á mellora do rendemento. Para logralo, a avaliación terá que estar atenta á evolución do proceso global do desenvolvemento do/a alumno/a reflectidos nos obxectivos que fixamos para a área.

A partir dos criterios descritos, a cualificación do alumnado realizarase en base á seguinte sondaxe: traballo na aula das láminas, traballo na casa que lle sexa encargado e controis que poidan considerarse oportunos: xerais e/ou probas individualizadas; a través deles, os alumnos irán completando as notas da avaliación.

En termos xerais, avaliaranse as seguintes capacidades actitudinais consideradas básicas:

- Hábito de traballo e esforzo. Indica o nivel de participación do alumnado na clase ( a presenza de todo o material necesario para o normal funcionamento da clase, se está atento e utiliza o material necesario, etc.) e a calidade do seu traballo persoal (se é ordenado e limpo nos traballos, se é puntual na realización das tarefas, a adecuación do método de estudo que utiliza, etc.). É, así mesmo, unha valoración do seu interese e esforzo.

- Capacidade de comprensión e razoamento lóxico: Capacidade para entender unha mensaxe nas diferentes linguaxes (oral, escrito, musical, numérico, artístico, científico, técnico, etc.) e ser capaz de analizar e relacionar os seus elementos entre si, deducir as causas e consecuencias, buscar as explicacións e obter conclusións.

- Actitude cívica. Trátase de valorar a corrección do alumnado coas persoas, instalacións e materiais. En definitiva, a capacidade de respecto e tolerancia que permita unha axeitada convivencia na comunidade educativa.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1.-Láminas presentadas: 80%. 40% se se presenta o caso do 2º apartado. As láminas serán presentadas cos correspondentes estudos previos e a tarefa de investigación desenvolvida, sendo incorporados tamén na súa carpeta individual.

- Se despois de aplicar os pasos necesarios, os resultados son formal e estéticamente correctos.

- Calidade (pulcritude) dos traballos presentados, cumprindo todas as normas dadas na aula.

- Satisfacción dos conceptos aprendidos, (non só se se cumpren os prazos e se presentan con pulcritude, tamén que estean correctos e se aprecia que entende que fai).

- Cada lámina terá a súa nota. A nota da Unidade didáctica será a media das notas acadadas nas láminas que lle corresponden. A media da avaliación será a media das unidades didácticas que lle correspondan a dita avaliación.

2.-Exame dos contidos impartidos na aula. 40%(opcional).

Requerirase facer exame, se non existe unha entrega satisfactoria das láminas das tres avaliacións porque non se presentaron na súa totalidade, non foron realizadas durante o curso no transcurso das clases ou os mínimos non foron satisfeitos. Se se acada un nivel de satisfacción dos mínimos nas láminas, como se di no apartado anterior, non se farán necesarios. Ocasionalmente se poderán realizar probas escritas de parte dos contidos; sería naqueles casos onde se formulen dúbidas sobre o carácter definitivo da nota; se se aproba ou se suspende. Nese caso terían un maior carácter teórico, pero sempre dirixidos á súa aplicación práctica de casos concretos recollidos na



#### Programación.

##### 3.-Anotacións do profesor. 20% da nota

Constan no diario de clase, onde se atopa o traballo executado na sesión lectiva valorado cunha nota, a presenza dos materiais necesarios para a consecución dos contidos proveito das clases e puntualidade de entrega. O/a profesor/a levará a cabo anotacións das observacións no seu caderno de control durante a participación individual ou integrados nos grupos que corresponda de traballo. Farase seguimento diario do alumnado con anotacións de cada xornada lectiva sobre o traballo desenvolvido, nivel de satisfacción, presenza de material, aproveitamento da sesión para incorporar máis información na avaliación ou pola contra: falta de material, desmotivación, ausencia de traballo, mal comportamento,....

##### Puntualizacións.

Para cada avaliación requírese obrigatoriamente a entrega da TOTALIDADE das láminas realizadas nela. Esta nota formará parte dun dos grupos de cualificación. A nota final é media do resultado de avaliar, segundo as porcentaxes descritas anteriormente, os seguintes apartados:

Os traballos, que son as láminas onde se teñen en conta os contidos e os procedementos, o exame, se o hai, e anotacións na aula. Esta será a nota que estará reflectida no boletín. Con referencia á puntualidade nas achegas das láminas a nota será sobre 10.

Se a súa entrega está retrasada realizarase sobre 8. Tamén o hábito de traballo, esforzo e actitude cívica na aula co material propio e alleo, limpeza, orde e presentación.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado de 3º da ESO que requira recuperar a área de Educación Visual e Plástica terá que retomar as láminas feitas no transcurso da avaliación suspensa correspondente e repetilas de novo, procedendo á corrección dos erros indicados, polos que non acadara a nota de aprobado.

O obxectivo que se establece a nivel global a través deste sistema de recuperación é que o/a alumno/a da ESO incremente o nivel das láminas que no seu día presentara e polo que non aprobara o global das súas notas en conceptos, procedementos e actitude respecto a materia (realizar o que quedara sen facer e rematalas, aportar datos que enriquezan dalgunha forma a súa presentación anterior, da que xa consta unha valoración negativa do/a profesor/a, etc.) coa finalidade de observar esa superación que antes non manifestara e satisfaga os mínimos establecidos.

É importante transmitirille ao alumnado de xeito moi claro as tarefas concretas a realizar ou a corrixir polo/a profesor/a. Temos que ter en conta que a necesidade de recuperación debe garantir a consecución dos obxectivos mínimos nomeados deseguido de 3ºda ESO cun traballo do alumnado avaliable e obxectivo polo que se esixe un seguimento constante do alumnado e a obriga da presentación de todos os traballos reclamados polo profesor

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os criterios e os instrumentos de recuperación para o alumnado pendente son os mesmos que os establecidos para a recuperación en liñas xerais e segundo se estableza nas datas para estas probas.

1. No caso no que o alumnado conserve o material cos aspectos non satisfeitos, teñen que entregar as láminas suspensas no seu día tendo en conta os criterios establecidos polo/a profesor/a para a súa corrección e conducido a través das reunións semanais establecidas para recordar contidos e asesorar ó/á alumno/a sobre posibles dúbidas que se podan formular. Divídense todas as láminas do curso en dous bloques dos que se fará entrega nos sucesivos parciais segundo as datas establecidas e aprobadas na CCP no calendario de pendentes, xunto a unha proba escrita de mínimos. A nota resultará da media das dúas. A 3ª data global, se queda aprobada coas dúas anteriores non será necesaria.

2. Se o alumnado non conserva material, farase entrega nas datas indicadas dos traballos en formato lámina que se acollen aos mínimos esixibles que veñen a continuación e proba escrita de mínimos. Da mesma maneira é supervisado polas reunións semanais.

Situación actual no curso 2022-2023:

Neste caso, non se contempla máis que un alumno de 4º con 3º da ESO pendente que carece das láminas do curso pasado porque ven doutro centro e non as conserva, polo que se procedeu como no apartado 2.

O alumno ten titorías establecidas para o seu seguimento nas horas que se van adaptando ao seu curso académico. Nesta consulta as dúbidas e vaixe facendo seguimento da realización das láminas.

Con respecto a este caso, farase entrega de láminas para satisfacer contidos dese 1º Parcial da materia de 3º, na data fixada do 13 de xaneiro, na que ademais terá unha proba escrita dos contidos sobre ditas láminas dos mínimos establecidos de 3º.

Coa 2ª parte, que terá lugar entre os días 26 e 30 de marzo, procederemos de forma semellante: encargar as láminas para a entrega no día concreto fixado para a proba, de novo escrita tamén, para superar dita parte. Se o alumno supera o 5 entre as dúas non será necesario facer a proba global final dos mínimos da materia de 3º pendente. De non ser así, volverá a facer a proba global con todos os mínimos que se establecen para 3º.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta a experiencia acumulada nestes anos de tratamento da diversidade na ESO, e seguindo uns criterios claros, especificaremos como grupo diferenciando aqueles que atendan ós seguintes criterios de agrupamento:

a) Non acadar o nivel de coñecemento. Este grupo debería ser identificado nunha avaliación inicial adaptada e analizar as súas posibilidades de desenvolvemento. De non tela adaptada, manifestaría un nivel 0 e non facilitaría información relevante del ou dela.

b) Non ter interese e motivación. O mantemento desa motivación inicial é tarefa do profesorado, non existe outra posibilidade.

c) Non seguir o ritmo de traballo. É a única posibilidade de dificultade de aprendizaxe, e a programación inclúe medidas de reforzo e seguimento e recuperación para estas situacións, tanto derivadas da imposibilidade de acudir a tódalas sesións de traballo na aula como no caso de non ter capacidade de rematar os traballos no tempo previsto para eles.

As estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:

1) Algúns contidos da programación terán carácter cíclico (entendendo por cíclico que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisados e ampliados nos cursos superiores). Moi especialmente, nesta materia, os contidos que se explican desde o primeiro día de clase van ser incluídos en tódolos exercicios e tarefas que se realicen ao longo do curso, a modo de avaliación contínua, pois é indisoluble o aprendido (e ben aprendido) en determinados exercicios, da formulación que poida realizarse nos exercicios posteriores. De todas as maneiras, tanto a nivel de grupo como individual, realízase continuamente un

- 2) Reforzo explicativo na clase.
- 3) Reforzo mediante exercicios que se adecúen ó nivel do grupo e/ou alumno/a
- 4) Atención fora da hora lectiva ordinaria.(según dispoñibilidade horaria). Quede constancia que é costume da profesora quedar na aula durante o tempo dos recreos, para facilitar o remate dos traballos e a solución das incidencias e dificultades do alumnado. Para aqueles alumnos con dificultades (psíquica ou motora) se articularán as medidas pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dos/s especialistas do Departamento de Orientación.

As medidas tratarán na medida do posible non modificar substancialmente os contidos, é dicir que só requiren adaptacións referidas a aspectos que manteñen basicamente inalterable o currículo adoptado na materia pero que, sen estas actuacións, determinados alumnos e alumnas non progresarían. En xeral, pódese afirmar que a programación do grupo, salvo algunhas variacións, é tamén a mesma para o alumnado que reciba esas actuacións específicas. Teremos en conta nada máis aqueles aspectos da xeometría e debuxo técnico de maior dificultade, facendo referencia aos aspectos básicos e fundamentais.

#### MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PARA MELLORAR A INCLUSIÓN EDUCATIVA

Adoptaránse e aplicaránse as medidas de obrigado cumprimento establecidas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Ademais destas medidas o departamento establece as seguintes:

##### Na aula

- Maior supervisión das tarefas de aula. Proporcionamos máis explicacións, e repetimos cando sexa necesario.
- Nos aseguramos que comprende as explicación e/ou instrucións sobre as actividades.
- Potenciamos a autonomía sempre en función das necesidades do/a alumno/a.
- Evitamos que copie enunciados innecesariamente, así como o ditado de preguntas.
- Proporcionamos apuntes seguros no caso de ampliación de explicacións que xa están recollidas no libro de texto (poderase poner na aula virtual).

##### Nos exames

- Proporcionar as instrucións enunciadas dunha a unha, asegurarnos de que entende o que se lle pide.
- Facilitamos con antelación toda a información sobre o modelo de lámina, traballo ou exame, a súa estrutura e a forma de complementalo.
- Permitimos todo o tempo que necesite, ou dividimos o exame en dúas partes.
- Corrixir os bloqueos, distraccións ou desconexións, si é o caso, ofertando a nosa axuda (TEA).
- Evitar connotacións negativas nas correccións das súas tarefas.
- Si hai dificultade de comprensión lectora, repasar os enunciados para asegurarnos de que entendeu.
- Modificar o formato do exercicio: incremento no tamaño da letra, maior interliñado, fragmentar o texto de comprensión en parte intercalando preguntas.
- Evitamos dar os resultados da avaliación en voz alta.
- As correccións comentaríanse a nivel xeral coa clase e logo a nivel persoal.
- Proporcionar as datas da presentación dos exercicios con antelación suficiente.
- Procuramos realizar unha lectura previa do que haberá que facer.
- Mantemos o mesmo nivel de esixencia que ao resto pero cambiamos o procedemento e os tempos.
- Pedimos que revise o traballo antes de entregalo.
- Destacamos en negriña as palabras clave dos enunciados.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita. | X    | X    | X    |
| ET.2 - Comunicación audiovisual.                       | X    | X    | X    |
| ET.3 - Educación cívica e constitucional               | X    | X    | X    |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.4 - Emprendimiento.                 | X    | X    | X    |
| ET.5 - Educación Emocional e Creativa. | X    | X    | X    |

**Observacións:**

O informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a Educación para o século XXI sinala que a educación ten que organizarse ao redor de catro aprendizaxes fundamentais, que serán para cada persoa os estímulos no seu coñecemento ao longo da vida: Aprender a coñecer, é dicir, adquirir os instrumentos da comprensión. Aprender a facer, para poder influír sobre a propia contorna. Aprender a vivir xuntos, para participar e cooperar cos demais en todas as actividades humanas. Aprender a ser, como proceso fundamental que recolle elementos dos tres anteriores. Esta visión da educación é consecuenta coas demandas sociais e persoais. A sociedade necesita cidadáns capaces de convivir en democracia e esta necesidade tradúcese no ámbito educativo na educación para a convivencia. Trátase de potenciar un maior autocontrol conductual e emocional; dispor dun estilo cognitivo positivo e manter relacións adecuadas cos demais; saber, así mesmo, recoñecer e expresar os seus sentimentos de maneira apropiada, facendo seus valores como o respecto, a tolerancia e a honestidade. Ao considerar o desenvolvemento integral da persoa como unha finalidade do sistema educativo, as emocións, os afectos e as relacións adquiren una maior relevancia. Considérase a necesidade de educar estes aspectos para o desenvolvemento armónico do alumnado e asume como tarefa propia a de ensinar a ser e a convivir ademais da de ensinar a coñecer. Ter presentes os aspectos afectivos e emocionais que se mobilizan no alumnado, como consecuencia das interaccións que se dan na aula e en todo o ámbito educativo permite establecer as bases para unha mellor convivencia no centro. Concretamente trátanse temas de imaxe persoal e autoafirmación, a violencia machista na parella, a educación para o consumo, a reciclaxe e reutilización da materiais de refugallo, educación para a convivencia, resolución pacífica dos conflitos, recoñecemento dos valores culturais alleos á cultura propia.

**7.2. Actividades complementarias**

| Actividade  | Descrición   |
|---|--|
| Xornadas de banda deseñada. Abrilustrado. Organizadas polo Concello de Cambre.                      | Ilustradores e deseñadores de banda deseñada galegos conducen estas xornadas para o noso alumnado de 3º. Dan a coñecer as súas producións e realizan unha práctica relacionada.  |
| Visita ao CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea) de Betanzos. Deputación de A Coruña. | Realización dunha punta seca que o alumnado leva como recordo despois de estampala en papel. Como complemento realízase unha visita guiada polo casco histórico de Betanzos.   |
| Concurso de fotografía xunto ao Departamento de Matemáticas.  | Participación do alumnado no concurso de fotografía organizado, de forma conxunta, co Departamento de Matemáticas e que fai referencia a un tema común a ambos ámbitos. Terase que reunir os departamentos para fixar as bases e o tema deste ano. |

**Observacións:**

Tratará de manterse ao alumnado actualizado nas actividades culturais vinculadas ao noso ámbito de coñecemento a través dos seguintes organismos: actividades organizadas polo propio Concello de Cambre e o de A Coruña; tamén naquelas organizadas pola Fundación Luis Seoane, Fundación Barrié e Afundación nas súas sedes culturais.

As visitas se levarán a cabo aproveitando a oferta cultural das institucións públicas e privadas na cidade e na Comunidade, segundo vaian achegándose á Vicedirección do Centro.

Outras actividades poderán levarse a cabo cos Departamentos Ciencias, Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física e Tecnoloxía, mantendo o carácter interdisciplinar e afinidade que puidera darse entre departamentos en contidos puntuais.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| A obtención da información que precisa. Deseño de distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada obxectivo. Motivar ao alumnado comunicándolle os obxectivos a conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas. |
| A interpretación da información. O emprego de metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumnado e que teñan en conta os seus intereses.   |
| Indicar os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como imos avaliar. A valoración do alumnado de forma razoada e crítica.  |
| En función das características do alumnado, expoñer tarefas e logros diferentes. Emprego de recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia.   |

#### Descrición:

Desde estes criterios xúlgase, valorase, cualifícase e conceptúase sobre un determinado aspecto do proceso e establécense niveis progresivos de dominio ou pericia relativos ao desempeño que unha persoa mostra respecto dun proceso determinado de aprendizaxe (Martínez Vermellas). Usualmente fálase de dous tipos de rúbricas: - A rúbrica global ou holística, que fai unha valoración do conxunto da tarefa, mediante a utilización duns descritores que se corresponden a uns niveis globais, non particulares. - A rúbrica analítica, en cambio, céntrase en tarefas de aprendizaxe máis concretas, e necesita dun deseño máis pormenorizado. Como norma xeral, as rúbricas deben avaliar tanto aspectos cuantitativos como cualitativos.

A rúbrica axúdanos a diseñar o proceso de aprendizaxe, os indicadores de logro son os que permiten concretar o que o alumnado debe amosar que sabe. Os procesos de ensino-aprendizaxe melloran cando o alumnado coñece con antelación os obxectivos de aprendizaxe e as expectativas do profesorado.

Xa que se trata de procesos interactivos xeralmente asincrónicos, o uso de rúbricas contribúe tamén a animar a interacción entre profesores e alumnos e axuda a entender os mecanismos de aprendizaxes dos alumnos. Algunhas das características das rúbricas máis claramente beneficiosas son: - Son fáciles de usar polo profesor e de explicar aos alumnos. (Outros procedementos ou técnicas de avaliación alternativa que se poden utilizar son os portafolios, mapas conceptuais, diarios, proxectos, método de casos, etc.) - Deixan bastante claras as expectativas dos profesores, o que se transforma para os alumnos en seguridade sobre como alcanzar o que o profesor espera que eles saiban facer. - Os alumnos teñen moita máis información sobre as súas fortalezas e debilidades na materia, que noutro tipo de avaliacións (retroalimentación). - Fomentan a aprendizaxe e a autoavaliación: os alumnos avaliados por medio de rúbricas desenvolven máis capacidades que os avaliados por outras formas máis tradicionais. - Facilitan o desenvolvemento das competencias. - Facilitan a comprensión global dos temas e a internalización das capacidades. - Axudan aos alumnos a pensar en profundidade. - Incrementan a obxectividade do proceso evaluador: os criterios son coñecidos de antemán, non poden ser modificados arbitrariamente. - Serven para avaliar procesos, non só

resultados. - Promoven a responsabilidade dos alumnos, que en función dos criterios expostos poden revisar os seus traballos antes de entregalos ao profesor. - Facilitan ao profesor as explicacións aos alumnos sobre as cualificacións ante as revisións destas.

A efectividade da Programación está directamente relacionada tamén co número do alumnado por aula. En moitos dos casos non queda satisfeita ao 100% por dita razón, sumada ás condutas relativas ou variables que acada o alumnado debido a situala como materia de segunda categoría con respecto ás demais.

Para propiciar o paso de curso garantindo uns mínimos consolidados de Debuxo técnico estableceremos comezar estes dous cursos polas estas unidades didácticas.

Nos cursos nos que se supera levemente o número de 20 (ou, menos de 20, por suposto) a efectividade da aprendizaxe e considerablemente superior a aquelas aulas no que o número é superior a 30.

Por outro lado, o profesorado de Debuxo vemos como nas demais materias se contempla o concepto de desdobre; nas instrumentais de linguas e matemáticas, nas bilingües en física e química, bioloxía, ... cun número moi reducido e polo que xa o propio alumnado percibe que a nosa materia é un caixón de sastre onde todo cabe e xa condiciona a súa maneira de entrar na clase, cun evidente ton festivo.

O que se consegue dar nesa sesión lectiva de aulas de máis de 30 é un puro milagre.

Na pasada memoria avaliáronse os contidos que se puideron dar. No Departamento consideramos que a misión de satisfacer a Programación é a nosa obriga, pero ás veces non é posible.

Nas aulas que superan os 30 alumnos é moi frecuente que nin sequera a maioría traia o material. A razón é ás veces o pouco ou nulo interese das familias pola materia ou do propio alumnado, priorizándose o interese cara as outras materias. Temos unha gran carga procedimental, de execución e seguemento por parte do profesor e nin a ratio, nin o comportamento, nin a ausencia de material necesario para execución dos contidos, fan posible unha implementación da materia como cabería esperar.

Nas clases de 20 ou menos alumnos aínda non queda tan desvirtuada a presenza do profesor/a na aula. O control é maior, a presenza do material faise máis evidente e a atención e a capacidade de traballo son máis efectivas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Os mecanismos de revisión baséanse en regular o nivel de alumnado para unha maior optimización dos obxectivos que temos que satisfacer da Programación. A práctica o máis pragmática e concreta posible favorece os resultados porque requerimos unha atención individualizada en moitos dos casos.

Nos procesos de avaliación inicial e seguemento posterior fanse evidentes que temos que traballar, na mesma aula, cos casos de reforzo e co resto de alumnado que, en moitos dos casos, poderían avanzar máis por ter capacidades favorables nesta materia, pero que ven como se ralentizan sus clases pola atención individualizada que requiren todos os demais. Pero, insistimos, o número elevado de alumnos non posibilita a consecución total dos obxectivos. A nosa materia non pode acoller e obter resultados con todo este alumnado tan numeroso á vez.

## **9. Outros apartados**